53162140D	G5021425	A formación do estado de Israel: dende o mandato británico ata a independencia (1917-1948)	2ª Ord	Recepcionada	10/07/2015	Matrícula de Honra (9.00)	[Rico Boquete, Eduardo]		
36175329D	G5021425	A modernización en Irán (1925-1953). Aspectos políticos, sociais e económicos.	2ª Ord	Recepcionada	10/07/2015	Matrícula de Honra (9.50)	[Rico Boquete, Eduardo]		
35474690L	G5021425	O municipio constitucional: a influencia estatal nos procesos de reorganización territorial dos termos municipais	2ª Ord	Recepcionada	16/07/2015	Sobresaliente (9.00)	[BAZ VICENTE, MARIA JESUS]		
53489841Y	G5021425	O activismo indixena Norteamericano na segunda metade do século XX	2ª Ord	Recepcionada	16/07/2015	Notable (8.50)	[CABO VILLAVERDE, MIGUEL]		
76733943D	G5021425	Xustiza transicional: historia comparada do século XX	2ª Ord	Recepcionada	02/07/2015	Notable (7.50)	[MIGUEZ MACHO, ANTONIO]		
15492854P	G5021425	A hexemonía mundial de EEUU no século XX entre o imperialismo cultural e as teorías conspirativas	2ª Ord	Recepcionada	16/07/2015	Notable (8.00)	[MIGUEZ MACHO, ANTONIO]		
45874297S	G5021425	O heroe grego	2ª Ord	Recepcionada	31/07/2015	Notable (7.50)	[FERNANDEZ CANOSA, JOSE ANGEL]		
76735209X	G5021425	O deporte na antigüidade: As Olimpíadas	2ª Ord	Recepcionada	31/07/2015	Notable (7.50)	[VILLANUEVA ACUÑA, MANUEL]		

Documento	Código	Materia	Convocatoria	Estado	Data Estado	Calificación	Director/Codirector	Titor/Cotitor	
53198951C	G5021425	As mulleres nos contextos funerarios prehistóricos	2ª Ord	Recepcionada	31/07/2015	Sobresaliente (9.00)	[LLINARES GARCIA, MARIA DEL MAR]		
40369128B	G5021425	Comparativa das culturas castrexa e ibérica no proceso de romanización	2ª Ord	Recepcionada	05/08/2015	Notable (7.00)	[REY CASTIÑEIRA, JOSEFA]		
78807498E	G5021425	A resistencia curda na Turquía. As causas do conflito	2ª Ord	Recepcionada	05/08/2015	Aprobado (5.00)	[Balboa López, Jesús Leopoldo]		
35479096D	G5021425	O matrimonio e a condición da esposa na Idade Media	2ª Ord	Recepcionada	30/07/2015	Notable (8.00)	[ANDRADE CERNADAS, JOSE MIGUEL]		
36170079A	G5021425	A nobreza baixomedieval galega	2ª Ord	Recepcionada	30/07/2015	Sobresaliente (9.50)	[ANDRADE CERNADAS, JOSE MIGUEL]		
71517400G	G5021425	Poder e sociedade no Bierzo na Baixa Idade Media	2ª Ord	Recepcionada	30/07/2015	Notable (8.00)	[JIMENEZ GOMEZ, SANTIAGO]		
78804750B	G5021425	Da militancia política á loita armada: A guerrilla antifranquista en Galicia, 1936 - 1945	2ª Ord	Recepcionada	30/07/2015	Notable (7.00)	[Balboa López, Jesús Leopoldo]		
39456366G	G5021425	A reconversión industrial en Vigo a través dos seus protagonistas	2ª Ord	Recepcionada	31/07/2015	Sobresaliente (9.50)	[MIGUEZ MACHO, ANTONIO]		
34279693X	G5021425	A organización do territorio no noroccidente da Península Ibérica durante a Idade Media	2ª Ord	Recepcionada	31/07/2015	Sobresaliente (10.00)	[CHAO CASTRO, DAVID] [PORTELA SILVA, ERMELINDO]		
36156857Y	G5021425	O amor na Idade Media	2ª Ord	Recepcionada	30/07/2015	Notable (8.50)	[ANDRADE CERNADAS, JOSE MIGUEL]		
35598721B	G5021425	Asentamento e	2ª Ord	Recepcionada	30/07/2015	Sobresaliente	[SANMARTIN]		

Documento	Código	Materia	Convocatoria	Estado	Data Estado	Calificación	Director/Codirector	Titor/Cotitor	
		colonización nórdica en América: Vinland				(9.00)	BARROS, ISRAEL]		
33553020E	G5021425	Trata femenina con fins de explotación sexual: realidades no Extremo Oriente	2ª Ord	Recepcionada	30/07/2015	Notable (8.00)	[BAZ VICENTE, MARIA JESUS]		
47404911W	G5021425	Cartas, mulleres e sentimentos a finais do antigo réxime	2ª Ord	Recepcionada	31/07/2015	Notable (7.50)	[REY CASTELAO, OFELIA]		
53613217X	G5021425	A morte nas edicións da Ilustración	2ª Ord	Recepcionada	31/07/2015	Sobresaliente (9.50)	[REY CASTELAO, OFELIA]		
44094237V	G5021425	A lenda negra e Felipe II: a dimensión persoal	2ª Ord	Recepcionada	31/07/2015	Sobresaliente (9.00)	[REY CASTELAO, OFELIA]		
78808938J	G5021425	Mulleres malas, mulleres alegres: prostitución a finais do antigo réxime	2ª Ord	Recepcionada	31/07/2015	Aprobado (6.00)	[REY CASTELAO, OFELIA]		
35576771A	G5021425	Formas de auto-organizaçom e auto-gestom na Galiza de ontem	2ª Ord	Recepcionada	31/07/2015	Aprobado (5.50)	[CASTRO PEREZ, FRANCISCO JAVIER]		
44493658C	G5021425	Influencia social do contrabando e o narcotráfico en Galicia (1940 - 2000)	2ª Ord	Recepcionada	31/07/2015	Sobresaliente (9.00)	[FERNANDEZ PRIETO, LORENZO]		
33561333D	G5021425	Discurso e moral sexual na España liberal	2ª Ord	Recepcionada	31/07/2015	Notable (7.50)	[BAZ VICENTE, MARIA JESUS]		
44662095M	G5021425	Fútbol e patria en España no s. XX: nacionalismo, política e propaganda	2ª Ord	Recepcionada	31/07/2015	Sobresaliente (9.00)	[FERNANDEZ PRIETO, LORENZO]		
40562873G	G5021425	Camiño ao	2ª Ord	Recepcionada	30/07/2015	Sobresaliente	[REY TRISTAN,		

Documento	Código	Materia	Convocatoria	Estado	Data Estado	Calificación	Director/Codirector	Titor/Cotitor	
		socialismo: a evolución ideolóxica da Revolución Cubana				(9.50)	EDUARDO]		
78803900N	G5021425	A política social durante o Peronismo a través da figura de Eva Perón. A fundación Eva Perón	2ª Ord	Recepcionada	30/07/2015	Sobresaliente (9.00)	[REY TRISTAN, EDUARDO]		
33545788N	G5021425	A repoboación forestal franquista en Galicia	2ª Ord	Recepcionada	31/07/2015	Notable (7.00)	[VILLARES PAZ, RAMON]		
78807260Z	G5021425	A experiencia das mulleres galegas no proceso migratorio ao Río de la Plata	2ª Ord	Recepcionada	30/07/2015	Notable (8.50)	[CAGIAO VILA, MARIA PILAR]		
78804555T	G5021425	A identidade étnica no proceso de descolonización en Sudáfrica (1948 - 1961)	2ª Ord	Recepcionada	30/07/2015	Notable (7.00)	[BARRAL MARTINEZ, MARGARITA]		
77009843R	G5021425	Mulleres entre muros: vida conventual en Nova España	2ª Ord	Recepcionada	30/07/2015	Sobresaliente (9.50)	[CAGIAO VILA, MARIA PILAR]		
34283437M	G5021425	A evolución dos microestados europeos no contexto dos movementos nacionalistas do século XIX	2ª Ord	Recepcionada	30/07/2015	Aprobado (5.50)	[Rico Boquete, Eduardo]		
76733717J	G5021425	As prácticas de exterminio racial en Croacia (1941 - 1945). O campo de concentración de Jasenovac	2ª Ord	Recepcionada	28/07/2015	Notable (7.50)	[Rico Boquete, Eduardo]		
53309205N	G5021425	Relacións políticas e internacionais de	2ª Ord	Recepcionada	30/07/2015	Notable (7.00)	[Rico Boquete, Eduardo]		

Documento	Código	Materia	Convocatoria	Estado	Data Estado	Calificación	Director/Codirector	Titor/Cotitor	
		Taiwán entre 1949 e 1996							
44091315Q	G5021425	As políticas de depuración e selección racial en Alemaña durante o nazismo (1933 - 1945)	2ª Ord	Recepcionada	30/07/2015	Notable (8.50)	[Rico Boquete, Eduardo]		
33555792B	G5021425	José María Blanco White: unha visión crítica da Revolución Liberal Española	2ª Ord	Recepcionada	30/07/2015	Sobresaliente (9.20)	[BAZ VICENTE, MARIA JESUS]		
53307848N	G5021425	A Guerra Fria cultural: a propaganda anticomunista nos Estados Unidos	2ª Ord	Recepcionada	30/07/2015	Sobresaliente (9.00)	[Balboa López, Jesús Leopoldo]		
33558619D	G5021425	Medios de comunicación na guerra de Vietnam: análise e influencia na opinión pública norteamericana	2ª Ord	Recepcionada	30/07/2015	Notable (8.50)	[Balboa López, Jesús Leopoldo]		
53796224Y	G5021425	Cultura e mentalidade xaponesa: o fenómeno kamikaze	2ª Ord	Recepcionada	30/07/2015	Notable (8.00)	[Balboa López, Jesús Leopoldo]		
53796221A	G5021425	Campo de concentración de Rianxo. Historia e memoria das persecucións do Franquismo	2ª Ord	Recepcionada	30/07/2015	Notable (7.00)	[FERNANDEZ PRIETO, LORENZO]		

ACTA DA COMISIÓN DO SISTEMA DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA CELEBRADA O 23 DE NOVEMBRO DE 2015 ÁS 10,00 EN SEGUNDA CONVOCATORIA, NA SALA DE PROFESORES DA FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA.

**Orde do día:**

1. Aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Sr. decano
3. Análise sobre os indicadores das titulacións do centro.
4. Proposta e aprobación, se procede, das accións de mellora vinculadas ao informe de seguimento das titulacións do centro.
5. Asuntos urxentes e de trámite
6. Rogos e Preguntas.

**Asistentes:** Juan M. Monterroso Montero (Decano), José M. Andrade Cernadas (Secretario).  
Profesores: Francisco Durán Villa, Enrique Fernández Castiñeiras, Lourenzo Fernández Prieto, Ramón Blanco Chao, Begoña Fernández Rodríguez, Pedro López Barja de Quiroga

Persoal de Administración e Servizos: Teresa Vázquez Barbazán

**Desculpan:** Domingo González Lopo,

**1.- Aprobación se procede, da acta anterior**

Apróbase, por asentimento, a acta da reunión celebrada o pasado día 17 de Setembro

**2.- Informe do Sr. Decano**

Tense modificado o regulamento da concesión dos premios extraordinarios de Doutoramento, agora elaborados pola EDI.

O Decano quere deixar constancia do agradecemento aos coordinadores dos Graos e dos Mestrados polo traballo desenvolvido para a elaboración dos Informes de Seguimento

Finalmente, infórmase de que se está en pleno proceso de elaboración do regulamento de réxime interno do centro.



### **3.- Análise sobre os indicadores das titulacións do centro**

De cada Grao e Mestrado faise unha lectura e, nalgúns casos, debate sobre os principais indicadores dos títulos. É de sinalar o debate xurdido a propósito do concepto de confidencialidade e transparencia en relación coas actas das Comisións Permanentes e de Calidade ou dos TFG defendidas ao longo do Curso.

Apróbanse os indicadores de cadanseu título (anexo 1)

### **4.- Proposta e aprobación, se procede, das accións de mellora vinculadas ao informe de seguimento das titulacións do centro**

Faise lectura e, nalgúns casos, hai debate e reflexión, sobre as diferentes accións de mellora dos distintos títulos. Todas elas son aprobadas pola Comisión (anexo 2)

### **5.- Asuntos urxentes e de trámite**

Non hai

### **6.- Rogos e preguntas**

O Profesor Fernández Prieto quere saber as razóns polas que un estudante da USC non pode, simultaneamente, estar a facer un Mestrado e o Doutoramento. Esta incompatibilidade está a causar, segundo ó seu entender, un notable perxuízo á Universidade tanto académica como economicamente.

O Decano comprométese a comentalo no Colexio de Decanos para intentar modificar a norma que impide esa simultaneidade actualmente

E, sendo, ás 10,40, e non habendo máis temas a tratar remata a sesión de todo o que, como Secretario, dou fe

JUAN M. MONTERROSO MONTERO

Decano

JOSÉ M. ANDRADE CERNADAS

Secretario

## Indicadores Grao en Historia da Arte

### Dimensión 1. A xestión do título

#### Criterio 1. Organización e desenvolvemento

- IN01G-PC-05 Prazas ofertadas 100 – 12/06/2014 - Anual-SIGC.
- IN02G-PC-05 Matrícula 344 – 12/06/2014 - Anual-SIGC.
- IN03G-PC-05 Matrícula de novo ingreso 105 - 12/06/2014- Anual-SIGC.
- IN04G-PC-05 Datos de matrícula de inicio de estudos 99 – 12/06/2014 - Anual-SIGC.
- IN05G-PC-05 Variación de matrícula de inicio de estudos 13.79– 12/06/2014 - Anual-SIGC.
- IN06G-PC-05 Nota media de acceso por preinscrición 7.4 – 12/06/2014 - Anual-SIGC.
- IN07G-PC-05 Porcentaxe de estudantes que acceden a titulación con nota igual ou superior a seis 78.79 - 12/06/2014 - Anual-SIGC.
- IN08G-PC-05 Porcentaxe de estudantesextranxeiros sobre matriculados 1.37 - 12/06/2014 - Anual-SIGC.
- IN09G-PC-05 Porcentaxe de estudantes nacionais de fora de Galicia sobre matriculados 3.01– 12/06/2014 - Anual-SIGC.
- IN17G-PC-08 Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre un total de matriculados 6.03– 12/06/2014 - Anual-SIGC.
- IN18G-PC-08 Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre un total de matriculados 6.03– 12/06/2014 - Anual-SIGC.
- IN30G-PS-01 Ratio de estudantes por profesor a templo completo 9.3– 12/06/2014 - Anual-SIGC.
- IN31G-PS-01 Media de alumnos por grupo de teoría 58–12/06/2014 - Anual-SIGC.
- IN32G-PS-01 Media de alumnos por grupo de práctica 33.52– 12/06/2014 - Anual-SIGC.

O Grao de Historia da arte é unha titulación que se ofrece de forma exclusiva dentro do sistema universitario galego na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Compostela, o que lle outorga a condición de titulación única no marco das insinanzas universitarias galegas.

Este feito é un dos motivos que pode explicar o dato de que se incrementasen a oferta de prazas, de oitenta a cen, para cursar ditos estudos (Datos de prazas ofertadas.- Curso 2009-2010.- 80; Curso 2010-2011.- 80; Curso 2011-2012.- 80; Curso 2012-13.- 80; Curso 2013-14.- 100 e Curso 2014-15.- 100; Fonte.- IN01G-PC-05); o alto número de alumnos matriculados en todos os cursos, en constante crecemento desde que se implantaron os estudos do Grao (Datos de matrícula.- Curso 2009-2010.- 76; Curso 2010-2011.- 141; Curso 2011-2012.- 213; Curso 2012-13. 277; Curso 2013-14.- 344 e Curso 2014-15.- 365; Fonte.- IN02G-PC-05).

Ao mesmo tempo que tamén pode explicar a taxa alcanzada na matrícula de novo ingreso, na que se observa un mantemento ou incremento constante de alumnos (Datos de matrícula de novo ingreso.- Curso 2009-2010.- 78; Curso 2010-2011.- 86; Curso 2011-2012.- 90; Curso 2012-13. 90; Curso 2013-14.- 105 e Curso 2014-15.- 108; Fonte. IN03G-PC-05), que leva a unha matrícula de inicio de estudos mais numerosa que en cursos anteriores (Datos de matrícula de inicio dos estudos. Curso 2009-2010.-s/d; Curso 2010-2011.- 71; Curso 2011-2012.- 81; Curso 2012-13.- 81; Curso 2013-14.- 87 e Curso 2014-15.- 99; Fonte.- IN04G-PC-05), o que explica o repunte na tasa de variación de matrícula, moito mais elevada que noutros cursos, acadando este ano un 13.74 (Datos de variación de matrícula de inicio de estudos. Curso 2009-2010.- s/d; Curso 2010-2011.-s/d; Curso 2011-2012.- 14.08; Curso 2012-13.- 0; Curso 2013-14.- 7.41; e Curso 2014-15.- 13.79; Fonte.- IN05G-PC-05)

Esta titulación baséase nun sistema de créditos ECTS, no que o alumno para terminar os estudos debe de acadar un total de 240, divididos en catro anos; anos nos que pode realizar os seus estudos a tempo completo ou tempo parcial. Polo tanto se trata dun sistema de ensino que ten un dos puntos fortes na presencialidade do alumno, na que a ratio de alumno/profesor vaise elevando, de xeito progresivo, debido a demanda de prazas (Datos de estudantes por profesor a tempo completo. Curso 2009-2010.- s/d; Curso 2010-2011.- 6.91; Curso 2011-2012.- 6.41; Curso 2012-13. 7.89; Curso 2013-14.- 8.66; Curso 2014-15.- 10.14; Fonte. IN30G-PS-01), o que supón unha media de alumnos por grupo de teoría significativa (Datos. Media de alumnos por grupos de teoría. Curso 2009-2010.- s/d; Curso 2010-2011.- 75; Curso 2011-2012.- 72.35. Curso 2012-13. 75.62; Curso 2013-14.- 60.67; Curso 2014-2015. 58; Fonte. IN31G-PS-01), que sen embargo baixa lixeramente debido o carácter da docencia nos grupos de prácticas (Datos. Media de alumnos por grupos de práctica. Curso 2009-2010.- s/d; Curso 2010-2011.- s/d; Curso 2011-2012.- 44.76; Curso 2012-13.- 31; Curso 2013-14.- 33.72; Curso 2014-15.- 33.52; Fonte. IN32G-PS-01), co fin de mellorar a calidade da insinanza.

Igualmente hai que ter en conta que o aumento na oferta de prazas da titulación non leva implícito un cambio nas condicións de acceso por parte do alumnado, no que si se observa debido ao aumento da oferta un lixeiro descenso na nota media de ingreso mais baixa que cando o número de prazas era mais limitado, aínda que rebasa a puntuación de sete (Datos. Nota media de acceso por preinscripción.- Curso 2009-10.- s/d, Curso 2010-11.- 6.27; Curso 2011-12.- 7.45; Curso 2012-13.- 7.59; Curso 2013-14.- 7.72; Curso 2014-15.- 7.4; Fonte.- IN06G-PC-05), polo que en función da preinscripción a maioría de estudantes acceden con nota igual o superior a seis (Datos. Porcentaxe de estudantes que acceden a titulación con puntuación igual ou superior a seis. Curso 2009-10.- s/d, Curso 2010-11.- 57.14; Curso 2011-12.- 78.05; Curso 2012-13.- 71.95; Curso 2013-14.- 81.61; Curso 2014-15.- 78.79. Fonte.- IN07G-PC-05).

Xunto con isto hai tamén que ter presente que a maioría de estudantes de esta titulación son estudantes da comunidade galega, xa que o porcentaxe de estudantes nacionais ou extranxeiros é reducido, aínda que existe unha evolución positiva en canto ao seu continuo aumento (Datos.- Porcentaxe de estudantes nacionais de fora de Galicia sobre matriculados.- Curso 2009-2010.-3.95; Curso 2010-2011.- 3.55; Curso 2011-2012.- 2.35; Curso 2012-13.- 1.81. Curso 2013-14.- 2.03; Curso 2014-15.- 3.01; Fonte IN09G-PC-05; Datos.- Porcentaxe de estudantes extranxeiros sobre matriculados.- Curso 2009-2010.-s/d; Curso 2010-2011.- s/d; Curso 2011-2012.- s/d; Curso 2012-13.- 0.36. Curso 2013-14.- 0.29; Curso 2014-15.- 1.37. Fonte IN08G-PC-05), tendencia que tamén se observa nos estudantes que participan dos programas de mobilidade, tanto nos estudantes recibidos no sistema galego (Datos Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre un total de matriculados.- Curso 2009-2010.-2.63; Curso 2010-2011.- 2.13; Curso 2011-2012.- 10.33; Curso 2012-13.- 5.42. Curso 2013-14.- 4.65; Curso 2014-15.- 6.03; Fonte IN18G-PC-08), como dos enviados fora, no que se observa, un incremento significativo do número de participantes (Datos.- Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre un total de matriculados.- Curso 2009-2010.-s/d; Curso 2010-2011.- 0.71; Curso 2011-2012.- 1.41; Curso 2012-13.- 1.81. Curso 2013-14.- 3.49; Curso 2014-15.- 6.3; Fonte IN17G-PC-08) (aínda que onde é mais reducido o de estudantes estranxeiros que cursan a nosa titulación (Datos.- Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados.- Curso 2009-2010.-s/d; Curso 2010-2011.- s/d; Curso 2011-2012.- 0.91; Curso 2012-13.- 0.36; Fonte.- IN08-PC-08).

Así mesmo tamén débese destacar a importancia das tarefas de coordinación, que neste momento son incrementadas, tanto vertical como horizontalmente, entre os docentes da titulación, co fin de realizar una distribución óptima do traballo dos alumnos ao mesmo tempo que evitar reiteracións de contidos, polo as programacións, antes da súa aprobación pola Xunta de Facultade do Centro, contan coa informe favorable da Comisión de título.

Labores de coordinación que tamén incrementáanse coa activación este ano, de diferentes aulas virtuais, para que as tarefas de comunicación entre os docentes e os seus alumnos resulten máis fluidas ao tempo que podan ser coordinadas todas elas polo coordinador do ano correspondente.

### **Boas prácticas.**

1. Establecemento dun límite na oferta de prazas na titulación.
2. Sistema de enseñanza presencial.
3. Posibilidade de que o alumno poida realizar os estudos a tempo completo ou parcial.
4. Seguimento do título por parte da Comisión da titulación y de Comisión de calidade do centro.
5. Reunións de coordinación entre os responsables da titulacións cos profesores implicados na docencia do Grao.
6. Reunións de coordinación entre os departamentos e profesorado para a aprobación das diferentes programacións.

### **Criterio 2. Información e transparencia.**

A Facultade conta cunha páxina web na que se recollen todos aqueles aspectos relevantes da titulación (Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/index.html>) co fin de fomentar a súa difusión entre aquelas personas interesadas, tanto o colectivo de estudantes xa integrados na Facultade, como os futuros estudantes.

Igualmente a información céntrase tamén en programas diseñados expresamente para a captación de alumnos, como é o programa “A Ponte entre o ensino medio e a USC”, (Fonte.- <https://www.usc.es/es/perfis/futuros/aponte/>) onde por medio de charlas de profesores dirixidas expresamente a estudantes nos seus centros de ensino ou ben, una atención máis personal que se produce, despois dunha solicitude, (Fonte.- <https://www.usc.es/es/perfis/futuros/aponte/visitasusc.html> ).

Esta información, que se transmite polos responsables da titulación e que, de xeito xeral, se acompaña dunha presentación multimedia que se complementa con aquela que ofrece a propia Universidade a través do mantemento actualizado da súa páxina web, na que aparece información do procedemento de matrícula (Fonte.- <http://www.usc.es/gl/matricula/tramites.html?estudio=12735&ano=66&cursoPonte=0>) e que tamén para acadar una maior difusión está colgada na web do centro.

Tamén na páxina web da Facultade está disponible a información detallada da titulación (información, obxetivos, competencias, programación, horarios ... ), (Fonte.-

<http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/titulacions.html?plan=12734&estudio=12735&codEstudio=12332&valor=9>) xunto con toda aquela que lle vale ao estudante para acadar un coñecemento adecuado sobre o seu proceso de formación, mentres se atope vinculado á USC.

Este tipo de información, desplégase nun cadro de novidades e outro de convocatorias, e a información que figura na web ten especial significación para os alumnos de cuarto curso, ano no que pode realizar as Prácticas Académicas Externas –PAE-, (Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/pae.html>) que contan cun regulamento e calendario propio, e o mesmo que o Traballo Fin de Grao- TFG- (Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/tfg.html>); <http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/regulamentos.html>)

Tamén outra das formas de difusión é a que se fai no momento en que os estudantes xa se atopan xa matriculados, destinada aos alumnos de primeiro curso. Así na primeira semana, tal e como figura no seu horario, faise unha sesión informativa polos responsables da titulación, na que se lles explican os requisitos mínimos para a súa superación, as infraestruturas que poderán utilizar e o funcionamento do centro (Fonte.- [http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xehistoria/descargas/aHorarios\\_Grao\\_en\\_Arte.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xehistoria/descargas/aHorarios_Grao_en_Arte.pdf)).

Ademais destas sesións os estudantes contan tamen, dentro do Programa A Ponte, coa figura de alumnos tutores, nos que os estudantes veteranos orientan aos novos (Fonte.- <https://www.usc.es/es/perfis/futuros/aponte/cursotutores.html>) para facilitarlles o proceso de integración na propia Universidade, información ao que a alumno accede a través da propia web.

Estas actividades de presentación e de apoio aos novos estudantes complementanse durante o desenvolvemento do primeiro curso coa organización de reunións cuatrimestrais entre os alumnos e coordinador de curso e do título para facilitar a comunicación entre as persoas implicadas no proceso de docencia ao tempo que poder correxir calquer desequilibrio existente.

Do mesmo xeito para aqueles alumnos, especialmente do último dos cursos a Facultade organiza una serie de xornadas, no que trata de presentar ao alumnado, información disponible para a súa orientación profesional, cúa información tamén publicitase na web do centro. (Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/infotitulos.html>) .

Por último para afondar máis na transparencia da información tamén na web do centro informase tanto dos acordos adoptados pola Comisión Permanente (Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/acordoscomision.html>) como pola Xunta de Facultade (<http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/acordosxunta.html>).

## Boas prácticas

1. Información pública e accesible do título na web.
2. Establecemento dun apartado de novas e outro de convocatorias que se actualiza periódicamente.
3. Diseño dun folleto informativa sobre a titulación que se dispon na páxina web.
4. Reunións de presentación cos alumnos do Grao, fixados no horario oficial do Grao.
5. Participación no programa A Ponte, para difusión da titulación nos centros de ensinanza secundaria.
6. Participación no programa de alumnos titores.

### **Criterio 3. Sistema interno de garantía de calidade.**

- IN15G-PC-08. Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade.- 3.6112/06/2014 - Anual-SIGC
- IN33G-PS-03. Grao de satisfacción dos egresados cos servizos.- 3.5. 12/06/2014 - Anual-SIGC
- IN42G-S01-PM-01. Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación.- 3.12. 12/06/2014 - Anual-SIGC
- IN46G-S01-PM-01. Satisfacción do alumnado coa docencia recibida.- 3.85. 12/06/2014 - Anual-SIGC
- IN47G-S01-PM-01. Satisfacción do profesorado coa docencia impartida.- 3.71.12/06/2014 - Anual-SIGC
- IN48G-PM-02. Taxa de respostanaenquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida.- 36.32. 12/06/2014 - Anual-SIGC

No curso 2010-2011 o SGIC da Facultade de Xeografía e Historia foi presentado á súa verificación pola ACSUG. Devandita verificación respondía ao compromiso adquirido na Memoria de Verificación do Título para poder desenvolver un manual transparente e accesible a todos sobre o proceso de análise, medición e mellora das prácticas docentes dos títulos.

Devandito sistema de garantía de calidade deu lugar á correspondente Comisión de Calidade do Centro que, integrada polos responsables do centro, os directores de departamento e os coordinadores dos títulos, así como os alumnos (Fonte.- [http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xehistoria/descargas/Comisixns\\_delegadas\\_marzo\\_2015.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xehistoria/descargas/Comisixns_delegadas_marzo_2015.pdf)) xunto coa Xunta de Facultade, cuíus acordos (Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/acordosxunta.html>) o mesmo que os da Comisión permanente son públicos (Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/acordoscomision.html>) asume a responsabilidade sobre os procedementos e sistemas desenvolvidos en todos e cada un dos títulos que se imparten na Facultade.

Trátase en esencia dun documento donde se recollen os procedementos a seguir e contribúe a transparencia ao tempo que garante a calidade das ensinanzas, garantías incrementadas coa aprobación polos membros da Comisión Externa da titulación, que xa está proposta e será nomeada en este curso, no que terá a súa primeiras xuntanzas.

A valoración do título por parte da axencia evaluadora foi positiva aínda que propuxo melloras que ao longo do curso pasado fóronse introducindo no procedemento, polo que o SIG da Facultade permite que todos os procedementos de xestión do centro, tanto de face ao estudiantado como aos profesores e o persoal de administración e servizos, sexa transparente e público.

Do mesmo xeito a calidade da docencia reflectese na evolución positiva de satisfacción do alumnado, no que neste curso consiguíuse revertir á tendencia a baixa que se estaba a experimentar nos últimos cursos (Datos.- Satisfacción do alumnado coa docencia recibida.- Curso 2009-2010.-s/d; Curso 2010-2011.- s/d; Curso 2011-2012.- 3.81; Curso 2012-13.- 3.78. Curso 2013-14.- 3.73; Curso 2014-15.- 3.85; Fonte.- IN46G-S01-PM-01), tendencia que non se resolve de igual xeito, en canto ao porcentaxe de resposta dos alumnos (Datos.- Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida.- Curso 2009-2010.-s/d; Curso 2010-2011.- s/d; Curso 2011-2012.- 38.62; Curso 2012-13.- 45.45; Curso 2013-14.- 36.43; Curso 2014-15.- 36.32. Fonte.- IN48G-PM-02), e no persoal docente, no que presenta a mesma tendencia á baixa (Datos.- Satisfacción do profesorado coa docencia impartida.- Curso 2009-2010.-s/d; Curso 2010-2011.- s/d; Curso 2011-2012.- s/d; Curso 2012-13.- s/d; Curso 2013-14.- 3.87; Curso 2014-15.- 3.71. Fonte IN47G-S01-PM-01), que debe de ser corrixida en sucesivos cursos.

Do mesmo xeito, esta evolución da tendencia está presente na satisfacción dos estudantes cos programas de mobilidade (Datos.- Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade.- Curso 2009-2010.-s/d; Curso 2010-2011.- s/d; Curso 2011-2012.- s/d; Curso 2012-13.- s/d; Curso 2013-14.- 4.1; Curso 2014-15.- 3.61. Fonte IN15G-PC-08) e na satisfacción xeral dos egresados coa titulación (Datos.- Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación. Curso 2009-2010.-s/d; Curso 2010-2011.- s/d; Curso 2011-2012.- s/d; Curso 2012-13.-3.66; Curso 2013-14.- s/d; Curso 2014-15.- 3.12. Fonte IN42G-S01-PM-01) tendencia que non se repite na satisfacción dos egresados cos servizos, na que existe un equilibrio nos resultados, o que fai deste dato, un elemento a ter en conta para cursos venideros (Datos.- Grao de satisfacción dos egresados cos servizos. Curso 2009-2010.-s/d; Curso 2010-2011.- s/d; Curso 2011-2012.- s/d; Curso 2012-13.-3.55; Curso 2013-14.- s/d; Curso 2014-15.- 3.5. Fonte. IN33G-PS-03).

### **Boas prácticas**

1. SGIC é público e ésta colgado na web (<http://www.usc.es/xehist/SGIC.html>).
2. Concretar e difundir, na páxina web, os indicadores do SGIC e os informes de seguimento do Título así como dos indicadores de calidade da titulación. ([http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xehistoria/descargas/IFS\\_G\\_Historia\\_da\\_Arte.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xehistoria/descargas/IFS_G_Historia_da_Arte.pdf); <http://www.usc.es/gl/goberno/vrcalidade/datosgraos.html> ).

## **Dimensión.- 2.**

### **Criterio 4. Recursos humanos.**

- IN25G-PS-01. Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total.- 97.3.- 12/06/2014 - Anual-SIGC.
- IN26G-PS-01. Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total. 72.97. 12/06/2014 - Anual-SIGC.
- IN24G-PS-01. Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título. 83.78. 12/06/2014 - Anual-SIGC.
- IN46G-S01-PM-01. Satisfacción do alumnado coa docencia recibida.- 3.85. 12/06/2014 - Anual-SIGC.
- Curso de formación de PDI con docencia no Grao de Historia da arte.

Todo o persoal académico que actualmente imparte docencia no Grao de Historia da Arte, e que compaxinan docencia en materias doutros Graos o Masteres, é suficiente para cubrir as necesidades da docencia nas materias propostas. Trátase dun conxunto de profesores, todos eles doutores, salvo o persoal que imparte docencia como parte da súa formación (Datos.- Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total. Curso 2009-2010.-100; Curso 2010-2011.- 100; Curso 2011-2012.- 100; Curso 2012-13.-100; Curso 2013-14.- 100; Curso 2014-15.- 97.3. Fonte IN25G-PS-01) e con contratos estables, maioritariamente funcionarios, (Datos. Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total.- Curso 2009-2010.-54.55; Curso 2010-2011.- 65.22; Curso 2011-2012.- 70.37; Curso 2012-13.-68.75; Curso 2013-14.- 75.68; Curso 2014-15.- 72.97. Fonte.- IN26G-PS-01) formados e especialistas nas diferentes materias do Grao de Historia da Arte, con ampla experiencia na docencia universitaria, no que se foi actualizando coa participación en diversos cursos de formación (Datos.- Cursos de Formación do PDI con docencia no Grao de Historia da arte.- Curso 2009-10.- 38.1%; Curso 2010-11.- 15.63%; Curso.- 2011-12.- 27.03%, Curso 2012-13.- 21.43%; Curso 2013-14.- 8.51%; Curso 2014-15.- 11.32).

Un indicativo da conveniencia do personal coa titulación, é o porcentaxe de PDI a tempo completo, que imparte a titulación con sexenios ou quinquenios, no que se produce unha tendencia ascendente que así o demostra (Datos. Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título.- Curso 2009-2010.-63.64; Curso 2010-2011.- 73.91; Curso 2011-2012.- 81.48; Curso 2012-13.- 81.25; Curso 2013-14.- 83.78; Curso 2014-15.- 83.78. Fonte IN24G-PS-01).

E esta situación a que explica os índices de satisfacción do alumnado coa docencia recibida.- (Datos.- Satisfacción do alumnado coa docencia recibida.- Curso 2009-2010.-s/d; Curso 2010-2011.- s/d; Curso 2011-2012.- 3.81; Curso 2012-13.- 3.78. Curso 2013-14.- 3.73; Curso 2014-15.- 3.85. Fonte IN46G-S01-PM-01).

#### **Boas prácticas.-**

1. Vontade de actualización docente do profesorado do Grao mediante a realización de cursos de innovación docente.
2. Incremento de reunións de coordinación para mellorar as condicións docentes.

#### **Criterio 5. Recursos materiais y servicios.**

- Informe 02. Recursos bibliográficos e de infraestrutura bibliotecaria (1).

Nestes momentos a Facultade dispón de todos os recursos materiais e servizos necesarios para a impartición do título; non obstante, hai que sinalar que sempre é preciso mellorar as condicións existentes para actualizar constantemente o sistema de ensino. É esta a razón que leva a intentar aumentar os espazos de



traballo comunitario e de titorías en grupos reducidos, para adecuar a estas funcións ás aulas cuxas dimensións no se axustan a estas necesidades.

Igualmente debe de terse en conta que nunha facultade instalada nun edificio histórico as tarefas céntranse na actualización das infraestruturas de xeito gradual pero continuo, en función da urxencia das actuacións, para levar a cabo o mantemento da construción mentras non se produza a deseada rehabilitación integral do inmovible.

O feito de que se trate dun edificio histórico, supón un problema para a accesibilidade de persoas con dificultades especiais; non obstante o edificio conta con dúas entradas, unha delas ao nivel da rúa, o que facilita a accesibilidade. Así mesmo conta cun ascensor que comunica as plantas principais da facultade e permite salvar os espazos non adaptados para estas necesidades especiais.

O edificio conta cun total de 19 aulas e 6 seminarios (Fonte.- [http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/horario\\_aulas.html](http://www.usc.es/gl/centros/xeohistoria/horario_aulas.html)). Todos eles están dotados de sistemas de proxección dixital, conexión a internet e conexión wifi. Así mesmo cóntase cun laboratorio de prehistoria e xeografía, un aula de cartografía e tres aulas de informática cun total de 68 postos.

Así mesmo a biblioteca do centro dispón dunha dotación de fondos ampla (Datos.- Recursos bibliográficos e de infraestrutura bibliotecaria (1), Curso 2009-2010.- 114990 monografías e 2477 publicacións periódicas, Curso 2010-2011.- 121822 monografías e 2606 publicacións periódicas: Curso 2011-2012.- 124113 monografías e 2844 publicacións periódicas; Curso 2012-2013.- 125.959 monografías e 2.732 publicacións periódicas; Curso 2013-14.- 129.344 monografías e 2.780 publicacións periódicas; Curso 2014-15.- 132.974 monografías e 3.076 publicacións periódicas; Fonte.- Informe 02).

De igual xeito que coas infraestruturas presentes na facultade, outro aspecto a ter en conta son os servizos que se ofertan aos estudantes para a realización das Prácticas académicas externas -PAE-, nos que a titulación conta cun número significativo de convenios, mais de coarenta, con outras tantas institucións relevantes da Comunidade galega, (Fonte.- [http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/Convenios\\_Prxticas\\_Externas.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/Convenios_Prxticas_Externas.pdf) ).

Igualmente pódese mencionar tamén o feito de que dentro dos servizos da Facultade, esta o de facer unha presentación da titulación, en soporte multimedia (Fonte.- [http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/Presentacixn\\_Grao\\_en\\_Historia\\_da\\_Arte.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/Presentacixn_Grao_en_Historia_da_Arte.pdf) ), do mesmo xeito que entre os seus servizos tamen oferta Xornadas de orientación profesional, para os alumnos dos últimos anos da titulación ([http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/Xornadas\\_Profesionais\\_2014.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xeohistoria/descargas/Xornadas_Profesionais_2014.pdf) ).

### **Boas prácticas**

1. Dotación e renovación de material informático en todas as aulas.

2. Financiamento do centro para os fondos da biblioteca e o material informático.
3. Reforma dos aseos da facultade, da primeira planta.
4. Reforzo da rede wifi.
5. Mellora do sistema de xestión de licencias dos programas informáticos manexados na docencia.

### **Dimensión 3.- Resultados.**

#### **Criterio 6. Resultado da aprendizaxe.**

- ING34-S01-PM-01. Taxa de rendemento. 76.43. 12/06/2014 - Anual-SIGC
- ING35-S01-PM-01. Taxa de éxito.- 87.89.- 12/06/2014 - Anual-SIGC
- INF 17 - Informe de taxa de éxito das materias do plan de estudos

A implantación do título de xeito gradual e progresivo, levou a un cambio nos aspectos de ensinanza-aprendizaxe que fan que tanto o profesor e como os alumnos, convértanse nunha parte activa, o que conleva que as previsións que se realizaron para a Memoria do mesmo, na que se indicaba que a Taxa de eficacia da titulación roldaría aproximadamente un 90% , previsión teórica, está moi próxima a súa consecución, cun item situado por encima da media da Universidade (85.70), alcanzando un 87.89 (Datos.- Taxa de éxito. Fonte.- ING35-S01-PM-01), polo que todos os cursos (Datos.- Taxa de éxito. Curso. 2009-10.- 82.16; Curso 2010-11.- 87.3; Curso 2011-12.- 84.45; Curso 2012-13.- 91.52; Curso 2013-14.- 89.92; Curso 2014-15.- 87.89. Fonte.- ING35-S01-PM-01) se superan as previsión recollidas na Memoria da Titulación. Fonte.- [http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidade/descargas/grao2012/Taxa\\_xxito.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/vrcalidade/descargas/grao2012/Taxa_xxito.pdf), ao estar por enriba a tasa dun 82.00, en tódolos anos e deberse a súa fluctuación probablemente polo incremento do número de repetidores e o aumento do número de matrícula.

Esta visión positiva on impide que se produxeran altibaixos na tasa, que fan que fluctúe, movemento que se cree que pode estar vinculado ao incremento do número de alumnos repetidores e o aumento do número de matrícula

Así mesmo, outro dos indicadores que se empregan para esta avaliación, o da taxa de rendemento do título (porcentaxe de créditos que superaron os alumnos dos que se matricularon nun determinado ano académico), experimentou unha evolución positiva moi similar á anterior (Datos. Taxa de rendemento.- Curso 2009-10.- s/D; Curso 2010-11. 77.14; Curso 2011-12.- 76.11; Curso 2012-13.- 84.56; Curso 2013-14.- 79.24; Curso 2014-15. 76.43. Fonte.- ING34-S01-PM-01). Este movemento descendente explicaríase polos mesmos motivos que no caso anterior.

Sen dúbida estes resultados conseguíronse, en boa medida, polo compromiso levado a cabo tanto polos profesores como polos alumnos, compromiso que debe de seguir mentendo e ata incrementarse para conseguir que mellorar os anteriores resultados.

Boa proba deste compromiso son os datos dos Traballos Fin de Grao, no que se manifestan as capacidades e competencias adquiridas polo alumno ao longo do seu período de formación. Así, os TFG presentados no curso 2014-15, foron un 69%, dos traballos posibles, dos que o 96% conseguiron un resultado positivo (18% Nota igual o inferior a 6 e un 59% igual ou superior 8), polo que trátase de resultados altamente positivos (Fonte.- [http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xehistoria/descargas/Resultados\\_2014\\_15.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xehistoria/descargas/Resultados_2014_15.pdf) ) o que confirma as cualificacións positivas das diferentes materias do título nos que a taxa de éxito está por enriba dun 60% en todas as materias (INF 17 - Informe de taxa de éxito das materias do plan de estudos)

### **Boas prácticas**

1. Fomentar o compromiso dos alumnos e profesores co sistema de ensinanza-aprendizaxe da titulación.
2. Implantación do sistema de tutorías en grupos reducidos.
3. Estímulo á elaboración de Guías docentes das materias nas que se expliquen e clarifiquen os obxectivos de cada materia, a programación, metodoloxía e os criterios de avaliación aos que o profesor axústase.
4. Racionalización dos horarios para propiciar a continuidade entre as horas presenciais.
5. Reunións de coordinación entre os diferentes docentes das distintas materias.

### **Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento.**

- IN19G- PC-09.- Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas. 2.67.- 12/06/2014 - Anual-SIGC
- IN21G- PC-09.- Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas. 4.4.- 12/06/2014 - Anual-SIGC
- ING35-S01-PM-01.- Taxa de éxito.- 87.89.- 12/06/2014 - Anual-SIGC

A Historia da arte, na súa condición de disciplina non só encárgase do análisis das diferentes obras de arte, senón que o campo de actuación vai máis alo analizando a maioría dos procesos culturais que o home materializa ao longo do proceso histórico. É por iso que cada vez os profesionais desta disciplina cumpren un papel máis activo e dinámico, xa que coa súa actividade permiten dar resposta a moitas das actuais demandas da sociedade, sobre todo no campo do patrimonio cultural e a súa posible xestión, papel na que o historiador da arte xoga un activo papel.

Este dato pode explicar o feito de que a Taxa de eficacia da titulación supere a media da Universidade (85.70), alcadando un 87.89 (Datos.- Taxa de éxito. Fonte.- ING35-S01-PM-01), polo que todos os cursos (Datos.- Taxa de éxito. Curso. 2009-10.- 82.16; Curso 2010-11.- 87.3; Curso 2011-12.- 84.45; Curso 2012-13.- 91.52; Curso 2013-14.- 89.92; Curso 2014-15.- 87.89. Fonte.- ING35-S01-PM-01)

Boa proba do interese por estes estudos, para a súa inserción laboral, é o grao de Interese dos estudantes cos programas de prácticas externas (Datos. Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas

externas.- Curso 2009-10.- s/d; Curso 2010-11.- s/d; Curso 2011-12:- s/d; Curso 2012-13.- 4.43; Curso.- 2013-14.- 3.96; 2014-15.- 2.67. Fonte.- IN19G- PC-09), no que se observa unha tendencia en declive que debe ser controlada, e que non coincide coa Satisfacción dos titores académicos co programa (Datos. Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas.- Curso 2009-10.- s/d; Curso 2010-11.- s/d; Curso 2011-12:- s/d; Curso 2012-13.- s/d; Curso.- 2013-14.- s/d; 2014-15.- 4.4. Fonte.- IN21G- PC-09), e que se ratifica na enquisa dos titores externos, que todos respontan, acadando en todos os ítems, una elevada puntuación que sobrepasa o 80% (Fonte.- [http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xehistoria/descargas/Resultados\\_programas\\_Grao\\_en\\_Historia\\_da\\_Arte.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/en/centros/xehistoria/descargas/Resultados_programas_Grao_en_Historia_da_Arte.pdf)).

O que si está claro, e que aínda que hai que facer un seguimento preciso para evitar a tendencia á baixa, que as estadísticas parecen indicar, que o grao de satisfacción de esta titulación é significativo, tal e como se observa na taxa de éxito da mesma.

### **Boas prácticas**

1. Realización de enquisas a titores profesionais de PAE.

## **Indicadores Grao en Historia**

### **Dimensión 1. A xestión do título**

#### **Criterio 1. Organización e desenvolvemento**

O Grao de Historia da USC é un título perfectamente ben asentado no sistema universitario galego e que, no ano 2014-15, como en tódolos anteriores, a matrícula de primeiro quedou xa cuberta no mes de Xullo. Dato que pode servir como boa proba da consolidación e bo recoñecemento do título.

A evolución seguida nos últimos anos é netamente positiva, como se ve no crecemento da matrícula, matrícula de novo ingreso e matrícula de inicio de estudos. Indicadores que, sen excepción, amosan un crecemento continuo.

Por exemplo, o número de prazas ofertadas pasou de 246 (Curso 2012-2013), 303 (Curso 2013-2014) a 366 no curso 2014-2015. A matrícula, pola súa parte, experimentou un crecemento paralelo, pasando dos 682 estudantes (Curso 2012-2013), aos 851 (Curso 2013-2014) e, finalmente, aos 1011 do curso 2014-2015. A matrícula de novo ingreso subiu tamén de forma importante, pasando dos 284 de 2013 aos 329 de 2014. Esta titulación baséase nun sistema de créditos ECTS, no que o alumno para terminar os estudos debe de realizar un total de 240, divididos en catro anos; anos nos que pode realizar os seus estudos a tempo completo ou tempo parcial.

Polo tanto se trata dun sistema de ensino que ten un dos puntos fortes na presencialidade do alumno, na que a ratio de alumno/profesor vaíse elevando, de xeito progresivo, debido a demanda de prazas (Datos de estudantes por profesor a tempo completo. Curso 2011-2012.- 3.82; Curso 2012-13.- 4.94; Curso 2013-14.- 5.39; Curso 2014-15.- 6.37 Fonte. IN30G-PS-01), o que non supón unha media de alumnos por grupo de teoría significativa (Datos. Media de alumnos por grupos de teoría. Curso 2011-2012.- 37.77. Curso 2012-13. 42.83; Curso 2013-14.- 41.29; Curso 2014-2015.- 38.69; Fonte. IN31G-PS-01), que sen embargo sube lixeramente nos grupos de prácticas (Datos. Media de alumnos por grupos de práctica. Curso 2012-13.- 24.49; Curso 2013-14.- 25.31; Curso 2014-15.- 27.48; Fonte. IN32G-PS-01)

Seguramente polo incremento continuado nos niveis de matrícula, que xa comentamos previamente, o perfil medio dos estudantes no seu acceso ao Grao de Historia amosa un leve decrecemento nas súas cualificacións medias. Deste xeito, a nota media de acceso por preinscrición baixou desde o 8,18 (Curso 2012-2013), pasando polo 7,85 (Curso 2013-2014) para chegar ao 7,61 do 2014-2015. Pola súa parte, a porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a 6 amosa unha evolución fluctuante xa que baixou do 84% (Curso 2013-2014) ao 78% do pasado Curso

(2014-2015) que, con todo, é superior ao 77% de fai dous cursos para atrás (2012-2013) Con todo, a evolución destes porcentaxes decrecentes parecen difíciles de atribuir ao Grao de Historia ao tratarse dunha realidade allea ás competencias do Grao.

Xunto con esto hai tamen que ter presente que a maioría de estudantes de esta titulación son estudantes da comunidade galega, xa que o porcentaxe de estudantes nacionais ou extranxeiros é reducido, aínda que existe unha evolución positiva no número de estudantes de fora de Galicia e de estranxeiros (Datos Porcentaxe de estudantes nacionais de fora de Galicia sobre matriculados.- Curso 2012-13.- 1.76. Curso 2013-14.- 1.88; Curso 2014-15.- 2.37 Fonte IN09G-PC-05; Datos Porcentaxe de estudantes extranxeiros sobre matriculados.- Curso 2012-13.- 0.73. Curso 2013-14.- 0.71; Curso 2014-15.- 0.89. Fonte IN08G-PC-05), tendencia que tamen se observa como clara e crecente nos estudantes que participan dos programas de mobilidade enviados fora pola USC (Datos Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre un total de matriculados.- Curso 2011-2012.- 0.2; Curso 2012-13.- 2.35. Curso 2013-14.- 2.7; Curso 2014-15.- 3.36 Fonte IN17G-PC-08) Pola súa parte a porcentaxe de estudantes recibidos na USC decreceu fronte ao curso anterior malia superar a porcentaxe dos anos inmediatamente anteriores (Datos Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre un total de matriculados.- Curso 2012-13.- 8.21. Curso 2013-14.- 9.17; Curso 2014-15.- 8.41. Fonte IN18G-PC-08)

Asimesmo tamén débese destacar a importancia das tarefas de coordinación neste sistema de insinanza, así neste momento incrementásen as tarefas de coordinación, tanto vertical como horizontal, entre os docentes da titulación, co fin de realizar una distribución optima do traballo dos alumnos ao mesmo tempo que evitar reiteracións nas diferentes materias, polo as programacións dos cursos, antes de proceder a súa aprobación pola Xunta de Facultade do Centro, contan coa aprobación da Comisión de título, que é, neste caso, a encargada de velar polos puntos anteriormente indicados.

Labores de coordinación que tamén incrementásen co activación este ano, de diferentes aulas virtuais, para que as tarefas de comunicación entre os docentes e os seus alumnos resulten máis fluidas ao tempo que podan ser coordinadas todas elas polo coordinador do ano correspondente.

Boas prácticas.

1. Establecemento dun límite na oferta de prazas na titulación.
2. Sistema de ensino presencial.
3. Posibilidade de que o alumno poida realizar os estudos a tempo completo ou parcial.
4. Seguimento do título por parte da Comisión da titulación e da Comisión de calidade do centro.
5. Reunións de coordinación entre os responsables da titulación cos profesores implicados na docencia do Grao.
6. Reunións de coordinación entre os departamentos e profesorado para a aprobación das diferentes programacións.

## **Criterio 2. Información e transparencia.**

A Facultade conta cunha páxina web na que se recollen todos aqueles aspectos relevantes da titulación do Grao de Historia (Fonte.- <http://www.usc.es/gl/centros/xehistoria/index.html>) co fin de fomentar o coñecemento e a difusión necesaria para aquelas persoas interesadas na mesma, tanto o colectivo de estudantes xa integrados na titulación, como os posibles futuros estudantes.

Igualmente a información centrase tamén en programas deseñados expresamente para a captación de alumnos, como é o programa "A Ponte entre o ensino medio e a USC", (Fonte.- <https://www.usc.es/es/perfis/futuros/aponte/>) donde por medio de charlas de profesores dirixidas expresamente a estudantes nos seus centros de ensino ou ben, una atención máis personal que se produce, despois dunha solicitude, ao centro participar nesta campaña de difusión (Fonte.- <https://www.usc.es/es/perfis/futuros/aponte/visitasusc.html> ).

Esta información, que se transmite polos responsables da titulación e que, de xeito xeral, se acompaña dunha presentación multimedia que complementábase con aquela que ofrece a propia Universidade a través do mantemento actualizado da súa

páxina web, na que aparece información do procedemento de matrícula (Fonte.- <http://www.usc.es/gl/matricula/tramites.html?estudio=12735&ano=66&cursoPonte=0>) e que tamén para acadar una maior difusión está colgada na web do centro.

Tamén na paxina web da Facultade está dispoñible a información detallada da titulación (información, obxetivos, competencias, programacións, horarios, criterios de calidade) (Fonte.-

